

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA COMISIÓN DE CONTRATACIÓN

DO EXPEDIENTE:

GALP1-A-013/2024 - Servizo de asistencia técnica para a realización, en coordinación co GALP A Mariña-Ortegal, dun programa de divulgación da EDLP, visibilización do GALP como axente dinamizador do territorio e oportunidades do programa de axudas FEMPA 2021-2027.

Primeiro.- Reunida a Comisión de Contratación do GALP A Mariña-Ortegal, de forma telemática (zoom) na data do 3 de xullo de 2024 ás 9:30 horas, para revisar e analizar o desglose de costes asociados á oferta anormalmente baixa, presentada pola entidade **CONVENCE ABOGADOS, S.L.**, con motivo de comprobar a súa viabilidade e o cumprimento dos termos especificados tanto nos Pregos tanto de Cláusulas Administrativas Particulares, como no de Prescricións Técnicas Particulares, referentes ao expediente de contratación arriba indicado, así como resolver as puntuacións totais, atendendo aos criterios de adxudicación avaliados de xeito automático, e asistindo:

NOME	CARGO NA COMISIÓN
D. José Manuel González López	Presidente
D. Ramón Rivas Villares	Secretario
D. José Antonio García Fernandez	Vogal
D. César Graña Varela- Vogal	Vogal
D ^a Maria del Carmen López Moreno- Suplente	Suplente
D. José Basilio Otero Rodríguez	Suplente
D ^a Rosa Ana González Vizoso	Xerente do GALP A Mariña-Ortegal*

*** Todos os asistentes actúan con voz e voto, a excepción da xerencia , que non ten voto.**

Segundo.-

- Que unha vez revisado e analizado o desglose de costes da xustificación da oferta presentada, a Comisión de Contratación **acorda admitir** a oferta da licitadora CONVENCE ABOGADOS, S.L.

- Que en dita licitación, foron admitidas finalmente as propostas presentadas polas dúas empresas participantes no proceso: CONVENCE ABOGADOS, S.L., con NIF: B27726769 e CIDADANÍA S. COOP. GALEGA, con NIF: F15715683
- Que non resultou excluída ningunha entidade licitante.
- Que logo da valoración, atendendo aos criterios de adxudicación avaliados de xeito automático:
 - o Oferta económica: 60 puntos (puntuación máxima)
 - o Experiencia profesional: 40 ptos (puntuación máxima)

Segundo o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o resultado da puntuación obtida foi o seguinte:

CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIADOS DE XEITO AUTOMÁTICO							
LICITADOR/A	OFERTA ECONÓMICA <u>60 puntos</u> (puntuación máxima)		EXPERIENCIA PROFESIONAL: <u>40 PUNTOS</u> (puntuación máxima)				Puntuación TOTAL
	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS	ELABORACIÓN EDLP	PUNTOS	XORNADAS FORMACIÓN/DIVULGACIÓN	PUNTOS	
CONVENCE ABOGADOS, S.L.	11.850,00.-€ (sen IVE)	60,0	NA *	0,0	NA *	0,0	60,0
CIDADANÍA S. COOP. GALEGA	12.950,00.-€ (sen IVE)	54,9	10 EDLP PESQUEIRAS 4 EDLP RURAIS	20,0	15 XORNADAS (Períodos FEP, PEMP e FEMPA)	20,0	94,9

Tendo en conta estes datos, a Comisión de Contratación **ACORDA POR UNANIMIDADE**, propoñer a adxudicación do contrato de servizo asistencia técnica para a realización, en coordinación co GALP A Mariña-Ortegal, dun programa de divulgación da EDLP, visibilización do GALP como axente dinamizador do territorio e oportunidades do programa de axudas FEMPA 2021-2027, con número de expediente **GALP1-A-013/2024** á empresa **CIDADANÍA S. COOP. GALEGA**, para un período de contratación dende a formalización do contrato (xullo de 2024) ata o 31 de decembro de 2024, por un importe de 12.950,00.-€ (máis IVE), sendo esta a oferta máis vantaxosa.

Terceiro.-En base ao anteriormente indicado, como Presidente da Mesa de Contratación, en base á Acta da reunión da Mesa de Contratación celebrada o 3 de xullo de 2024, formulo **proposta de adxudicación do contrato: GALP1-A-013/2024** – Servizo asistencia técnica para a realización, en coordinación co GALP A Mariña-Ortegal, dun programa de divulgación

da EDLP, visibilización do GALP como axente dinamizador do territorio e oportunidades do programa de axudas FEMPA 2021-2027, a favor de a empresa **CIDADANÍA S. COOP. GALEGA**, que será publicada na páxina web <https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions> outorgando un prazo de 3 días hábiles para posibles alegacións e, no caso de non haber alegacións pasará a definitiva, dirixindo a mesma ao órgano competente do GALP de A Mariña-Ortegal para a adxudicación do contrato de referencia.

E para que así conste, asino a presente proposta, a 5 de xullo de 2024:

D. José Manuel González López
Presidente da Comisión de Contratación
Galp A Mariña-Ortegal